



## O BNG cos afectados das preferentes

Este venres os Alcaldes do BNG de Pontevedra, Poio, Bueu e a Alcaldesa de Tomiño acompañaron ás perosas estafadas polas preferentes que se manifestaron en Pontevedra diante da Subdelegación do Goberno e máis na Deputación. Xunto aos nosos compañeiros Miguel Fernández Lores, Nito Sobral, Félix Juncal e Sandra González, estiveron tamén presentes máis militantes nacionalistas tanto do BNG como da CIG.

Xa dentro do Pazo da Deputación, tomaron a palabra os alcaldes Lores e Juncal que manifestaron a solidariedade do Bloque coas persoas que foron estafadas a mantenta.

O Alcalde de Pontevedra lembrou que foron as decisións tomadas polos gobernos de Madrid, antes do PSOE e agora do PP, as que nos levaron a esta situación indefendíbel e que agora non poden agacharse: é ese mesmo goberno o que ten que decidir devolverlle os seus aforros ás persoas estafadas.

Sen embargo, Fernández Lores destacou que para o Partido Popular, o mesmo que antes para o PSOE, o prioritario é defender os intereses da grande banca e as decisións vindas de Bruxelas. Por iso non teñen escrúpulo ningún en deixar ir para fóra o aforro dos galegos e galegas e, por iso, tampouco teñen deferencia ningunha con estas persoas.



Páx 2

**PONTEVEDRA:**

Pola senda da compostaxe

Páx 3

**PONTEVEDRA:**

Saneamento do rural

Páx 4

**PONTEVEDRA:**

Orzamento municipal e maraña legislativa

Páx 5

**PONTEVEDRA:**

Ronda urbana  
Castelao en Sta. María  
Museo

Páx 6

**PONTEVEDRA:**

Paseo Pontevedra-Marín

Páx: 7

**SOUTOMAIOR:**

Estrada Arcade-Amoedo:  
unha trampa pola deixadez  
do PP

## O Consorcio Provincial do Lixo como oportunidade

# Pola senda da compostaxe

A aposta en exclusiva que fixo a Xunta do PP nos anos 90 pola incineración levou a situación preocupante, irracional e antiecolóxica na que se atopa hoxe en día o tratamento dos refugallos sólidos urbanos e que dende o BNG, na medida das nosas posibilidades, tentamos darlle solucións.

Para empezar, a planta de SOGAMA de Cerceda está absolutamente desbordada e só pode incinerar, nas mellores épocas, unha terceira parte do lixo que lle chega. O resto acumúlase en vertedoiros ao ar libre sen garantías. O intento de montar outra planta no Sur de Galiza segue, afortunadamente, sen callar.

A planta de tratamento do Morrazo, na que se investiron varios millóns de euros, está a criar toxo e coa súa maquinaria abandonada, pois o PP empeñouse en que nunca chegase a funcionar.

O Plan de Residuos de Galiza, forzado polo Plan Estatal, pon como obrigatorio o aproveitamento de, cando menos, o 50% da materia orgánica dos refugallos domésticos para o ano 2020 e, a día de hoxe, non se deu un só paso para avanzar nesta dirección e poder cumprir ese obxectivo mínimo.

As necesidades das terras de cultivo, tanto agrícolas como forestais, en canto a aporte de abonos orgánicos, son moito mais elevadas das que se poden xerar nos residuos urbanos e de outro tipo.

Por se todo o anterior fose pouco, estase obrigando a separar plásticos e embalaxes por razóns exclusivamente administrativas, cando o seu destino é o mesmo que o dos restantes residuos, é dicir, a "valorización enerxética". En galego común, a incineración.

Neste contexto, e a iniciativa do BNG de xa hai uns 5 anos, a Deputación de Pontevedra, despois de moitos estudos e voltas, tenta pór en funcionamento un Servizo de lixo para a maioría dos concellos da provincia, sobre todo os de tamaño pequeno e medio. Coidamos que pode ser unha oportunidade para reconducir, cando menos parcialmente, a desastrosa situación actual e actuamos en consecuencia.



Traballamos para que este servizo mancomunado poida ir pola senda da compostaxe, da utilización da planta infrautilizada do Morrazo, ou, no caso de ser isto inviábel, pola creación dalgunha planta nova para este fin. Aparte de que nunca sería mais cara que SOGAMA, avanzaría no reaproveitamento dos refugallos orgánicos e no cumprimento da normativa de aplicación.

Se a Deputación vai por este camiño, que entendemos o único correcto, o Concello de Pontevedra estaría disposto a implicarse a fondo, cambiando o sistema de recollida para separar orgánicos e aportalos a planta provincial para que sexa viábel, dado que a viabilidade depende moito do volume e calidade dos orgánicos que vaia a tratar.

Agardamos que o P.P. acepte esta proposta que entendemos beneficia a todos os cidadáns e poidamos de verdade avanzar na racionalidade, hoxe inexistente, do tratamento dos refugallos que producimos.

### Iniciativa Lexislativa Popular para a redución, reutilización e reciclaxe de residuos

Diversas asociacións ecoloxistas, entre elas ADEGA e APDR están a promover unha Proposición de Lei para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización e reciclaxe dos residuos na Galiza, que vai na mesma dirección





Este mesmo ano terán completado o saneamento as parroquias de Mourente, Lourizán, Salcedo, Ponte Sampaio, A Canicouva, Lárez e Tomeza

## Sete parroquias terán completado o seu saneamento este mesmo ano

As parroquias de Lárez e Tomeza completarán o seu saneamento neste ano, segundo informou esta o concelleiro responsábel do Ciclo da auga, Raimundo González, quen presentou os tres últimos proxectos de saneamento do rural que executará a súa concellaría nestas parroquias e tamén nas de Santa María e Santo André de Xeve, nos vindeiros seis meses.

Un investimento total de 475.000 euros, que sumados aos proxectos realizados nos últimos meses polo Concello, supón un orzamento de 1,3 millóns de euros en saneamento no rural pontevedrés.

Raimundo González explicou que con estas tres últimas obras do segundo convenio de saneamento asinado coa Xunta de Galicia terán completo o seu saneamento as parro-

quias de Mourente, Lourizán, Salcedo, Ponte Sampaio, A Canicouva, Lárez e Tomeza. E no resto, a rede de saneamento está moi avanzada.

“O Concello de Pontevedra investiu nos últimos meses 1'3 millóns de euros no saneamento do rural

## O orzamento municipal e a maraña lexislativa

Coa xestión levada a cabo polo BNG conseguimos que o Concello de Pontevedra fose un dos máis saneados da Galiza e tamén de todo o Estado. Isto foi posíbel grazas a un traballo rigoroso e a unha minuciosa racionalización do gasto que primou sempre as actuacións beneficiosas para o conxunto dos viciños e viciñas e cun marcado carácter social, isto é, actuacións que tivesen a finalidade expresa de mellorar a calidade de vida de todas as pontevedresas e os pontevedreses.

Grazas a esta liña política, o concello non tivo que acollerse ao Decreto de Pagamento a provedores porque está ao corrente con subministradores e empresas. Tamén por este motivo somos a cidade do Estado con menor endebedamento cos bancos, só detrás de Bilbao.

Pois ben, este traballo estase a ver profundamente atacado tanto pola actuación do goberno central como pola Xunta de Galiza que levan tempo aprobando e seguen a aprobar toda unha auténtica maraña lexislativa: a reforma da Constitución, a lei de Estabiliade Orzamentaria, o teito e a regra de gasto e toda unha normativa específica perseguen impór as políticas impulsadas pola Unión Europea e o grande capital e atar de pés e mans aos concellos e a todos

“As políticas aprobadas no Estado polo PP e o PSOE teñen un obxectivo claro: eliminar a práctica totalidade dos servizos públicos

e todas os que defendemos un modelo social e económico diferente e máis xusto.

Só a título de exemplo: se o Concello de Pontevedra ten aforros nun exercicio e os quere gastar no seguinte ano a normativa vixente, aprobada tanto polo PSOE como polo PP, impídello facer. Se un Concello ten capacidade para

endebedarse, como e o caso de Pontevedra, depéndese da autorización discrecional da Xunta de Galiza.

Parecen situacións kafkianas, pero o certo é que estamos diante dun deseño nidio e claro para eliminar a práctica totalidade dos servizos públicos

### A alternativa do Bloque

E posible outra alternativa diferente? Pois claro que é. Mais, como na mitoloxía grega, a cuestión principal é matar o Minotauro como fixo Teseo coa axuda de Ariadna. Non caben medias tintas: ou hai rebelión e hai insumisión ou seguirán afogándonos lentamente e sen piedade. Esta insumisión xa a aplicou o BNG pagando extra de Nadal aos funcionarios. Esa é a dirección que temos que seguir.

No BNG temos que apostar nesta situación por uns orzamentos expansivos e, por tanto, incrementar os orzamentos de anos anteriores. Ese é o xeito de contribuírmos a loitar contra os dous máis graves problemas que ten nestes momentos a sociedade galega: o paro e a pobreza. Xa que logo, temos que apostar pola dinamización económica e dotármolos duns orzamentos investidores que incrementen de xeito substancial as partidas destinadas a investimento. Ao mesmo tempo teñen que ter un marcado carácter social e ser uns orzamentos solidarios.

Estas son as liñas básicas. Ou facémolo así ou dilapidamos os servizos públicos básicos seguindo as directrices da banca, dos especuladores financeiros e dos seus acólitos.

“  
Por uns orzamentos  
investidores, sociais e  
solidarios

## Luz verde ao primeiro treito da ronda urbana de Pontevedra

O primeiro treito da Ronda Urbana propiamente dita foi protagonista hoxe dunha Xunta Municipal de Goberno urxente, que deu luz verde á construción dun treito entre O Marco e Montecelo. Será a través dun convenio coa Deputación polo que se investirán 2,42 millóns de euros.

Este primeiro treito da Ronda —o máis demandado— nace na zona da gasoliñeira do Marco, coa intención de mellorar as comunicacións en toda a zona leste da capital e en especial o acceso ao complexo Príncipe Felipe e ao Hospital Montecelo, moi dificultoso desde o sur. A obra substituirá o actual atallo que conforman as rúas das Pereiras, das Olivas e Ángel Limeses, claramente insuficientes para o tráfico que soportan na actualidade.

Do conxunto da obra, o concello aportará 1,46 millóns e a deputación 960.000 euros. A obra propiamente dita (1,8 millóns) será financiada

ao 50% por cada administración, se ben o municipio corre cos gastos das expropiacións (estimadas en 560.000 euros) e a Deputación co importe da redacción do proxecto, estimado en 60.000 euros.

O Concello aportará xa este ano 500.000 euros, que transferirá inmediatamente á Deputación, deixando os 400.000 euros restantes para os próximos 3 anos. A Deputación divide os seus 900.000 euros entre 2013 e 2015.

Esta obra, realizada pola cooperación entre dúas administracións como o vial e ponte que unen Médico Ballina e Monte Porreiro, tamén coa Deputación, ou a Ponte das Correntes, na que participaron a Xunta e o Concello. Todas estas iniciativas estaban previstas no plano de infraestruturas viarias aprobadas na M4 entre as catro administracións con competencias nos viarios pontevedreses: Concello, Deputación, Xunta e Ministerio de Fomento.



## Castelao volve á súa ubicación en Santa María

A escultura de Bucifios que fóra separada do seu pedestal co gallo das obras da Avenida de Santa María, volve hoxe ao seu lugar de orixe logo de pasar algún tempo nas proximidades do Museo de Pontevedra.

A peza metálica que se trasladara á zona da rúa Laranxo fora orixinalmente concebida para formar parte do conxunto no que se asentaba previamente, enriba dunha base que lle aporta altura e que ten inscrita unha frase que lle dá sentido ao conxunto, razón pola que agora se restaura en Santa María, moi perto do seu lugar orixinal.

Na zona do Museo na que estivo a escultura este tempo foi instalado un medallón de bronce coa autocaricatura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, para lle dar sentido ao texto inscrito no pavimento alusivo á figura do insigne político nacionalista.

## O Alcalde de Pontevedra non lle fai as beiras a Rajoy

Miguel Fernández Lores non asistiu á inauguración do Sexto Edificio do Museo de Pontevedra para non coincidir coa cúpula do Partido Popular porque, como el mesmo manifestou, “non está o alcacén para gaitas”.

O Alcalde recoñeceu que foi convidado por todos os medios posibles a esta inauguración organizada con total secretismo pola Deputación para poñela ao servizo de Mariano Rajoy e que a decisión de non asistir tomouse de xeito absolutamente consciente porque “nos tempos que corren, non están as cousas para saír a carón deles”.

Asemade Fernández Lores sinalou que a non

asistencia tamén tivo a ver coa supresión do Patronato do Museo que, logo de case un século de existencia, foi definitivamente desmantelado por unha decisión unilateral do PP que entrou en vigor o primeiro día do ano e que contou co rexeitamento da sociedade pontevedresa.

Quen si asistiron ao acto, aínda que non se lles permitiu pasar ao interior, foron a plataforma de estafados polas preferentes, delegados e delegadas da CIG e un grupo de mozos e mozas convocados por Galiza Nova. Todos eles fixeron patente a necesidade da rebeldía e a insubmisión fronte ao expolio que pretenden os gobernos de Madrid e da Xunta.





## O Concello pretende extender a mobilidade peonil e ciclista até Marín

Prolongar o actual paseo da Avenida de Marín até a praia de Praceres forma parte das peticións realizadas polo alcalde á ministra de Fomento na primeira visita oficial que Ana Pastor realizou á cidade. A proposta municipal, que xa toma forma de memoria valorada, consiste en prolongar a actual estética do borde marítimo da zona de Mollavao, até a praia dos Praceres, tal como adiantou hoxe o concelleiro de infraestruturas Cesar Mosquera.

Con este proxecto, moi brando e que non condiciona a posíbel recuperación do terreo ou a modificación da actual autovía nun futuro sen ENCE, queda practicable para a mobilidade natural todo o fronte marítimo fluvial do río-ría, entre Bora e Lourizán, un dos obxectivos da reforma urbana que leva anos iniciada en Pontevedra. O orzamento estimado deste proxecto vai entre os 2,7 e os 3,7 millóns de euros, dependendo das distintas opcións que se queiran levar a cabo.

A intervención nesta liña litoral parte do actual paseo da avenida de Marín, a partires do que a obra ofrece dúas posi-

bilidades, debido á proximidade da canle de navegación á actual autovía. Unha consiste en que o paseo decorra por un dos actuais carrís de saída até o actual nó. Outra, en realizar un voladizo de madeira até o treito de recheo que a obra do nó deixou sen uso hai pouco tempo, conservando os dous carrís de circulación cara a Marín.

No treito que ocupa o actual no elevado, a intervención é doada, xa que só hai que axeitar o recheo con pavimento novo e mobiliario urbano. En canto ao treito que vai do nó á pasarela das mariscadoras, propónse un voladizo pilotado, que pode ser de 3 ou 5 metros, para permitir neste último caso a segregación de usos entre bicis e peóns. Outro tanto ocorre coa pasarela actual, que cabe mantela como está ou continuala ata a autovía, co que quedaría unha sección de 5 m.

En canto ao último treito, que vai entre o remate da pasarela e a praia dos Praceres, na Punta do Cabo, o novo paseo percorrería as vías actuais até desembocar no pequeno areal existente.

## A estrada Arcade-Amoedo convertida nunha trampa pola deixadez do PP



“  
A deixadez da  
Deputación e do  
Concello causan  
tres accidentes  
en poucas horas

A estrada provincial EP-2901 que une Arcade e Amoedo, nas proximidades do castelo de Soutomaior foi o escenario nas últimas horas de tres accidentes de tráfico debido á existencia de placas de xeo na calzada.

Resulta inconcebíbel que, sabedoras como eran das baixas temperaturas que se estaban a dar, nin a Deputación activase o protocolo de xeadas nas súas estradas, nin o goberno municipal de Soutomaior lle esixise que o fixera.

Para o BNG é irresponsábel que institucións que deben velar pola seguranza viaria non o fagan, e, que, coa súa desidia, creen situacións de perigo para aquelas persoas que teñen que circular por viais con pracas de xeo.

O Portavoz Municipal do BNG, Fernando Herrero, esixiulle ao goberno municipal de Soutomaior que, para evitar estes accidentes e problemas de seguranza viaria, active, cando as temperaturas o recomenden, o protocolo de xeadas, e que que inste ás restantes institucións a que fagan o propio nas estradas da súa competencia que trascurren polo termo municipal de Soutomaior.

derrogación xa do decretazo  
**non á lei da wertgoña**

**pola lingua  
que nos une**

queremos galego  
**na escola!**

**Manifestación  
Nacional**

Santiago de Compostela [alameda]

**27 xaneiro - 12h**

habera buses desde diferentes lugares

[www.queremosgalego.org](http://www.queremosgalego.org)

